

MULLERES EN GALICIA CIFRAS QUE IMPORTAN

#4# MULLERES E DISCAPACIDADE



Falamos de **persoas con discapacidade** cando presentan limitacións físicas, mentais, intelectuais ou sensoriais, previsiblemente permanentes que, ao interactuar con diversas barreiras, poidan impedir a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións coas demais. No caso das **mulleres con discapacidade**, os desafíos dúplícanse pola intersección da discapacidade e o xénero.

Un **9%** da poboación de Galicia tiña recoñecida alguna discapacidade en 2024.

Se o **grao da discapacidade alcanza ou supera o 33%**, as persoas poden acceder a unha serie de **beneficios**: fiscais, laborais, económicos, educativos, sociais, entre outros.

O PERFIL DA MULLER CON DISCAPACIDADE EN GALICIA



Superou a **ESO ou programas de formación e inserción laboral** (60,8%)



Ten unha **discapacidade física** (49%)



Se está en idade laboral, ten **entre 50 e 64 anos** (61%)



A muller traballadora con discapacidade en Galicia ten un **contrato indefinido** (73,1%)

EMPREGO DAS MULLERES CON DISCAPACIDADE EN GALICIA

As persoas con discapacidade de entre 16 e 64 anos representan o **3,4%** da poboación activa de Galicia e o **3,2% da ocupada**. Así, traballan **35.600 persoas con discapacidade**, das cales o **46,1% son mulleres**.



- Na última década, a **taxa de mulleres con discapacidade con estudos superiores duplicouse**, do 6,3% ao 12,9%, e é un punto superior á da dos homes con discapacidade.



- A **taxa de emprego** das mulleres con discapacidade **aumentou un 84%** nos últimos dez anos, situándose nun 28,4% en 2023.
- A **taxa de desemprego** das mulleres con discapacidade **disminuíu un 55%** nos últimos dez anos, situándose nun 15,5% en 2023.

No ano 2023, un total de **10.300 mulleres con discapacidade tiñan contratos de carácter indefinido**, o que representa un **73,1% das contratacións**. Estas cifras superan de xeito notorio ao resto do Estado, onde a contratación indefinida de mulleres con discapacidade só representa o 28,7%.

ADEMAIS...

- En 2025, a Xunta de Galicia destinou **33,7 millóns de euros** a promover a **integración laboral das persoas con discapacidade** nos centros especiais de emprego e en empresas de inserción laboral.
- O **programa "Emprego con apoio"** financia os custos laborais derivados da contratación de persoal preparador laboral que preste apoio a persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social, co fin de favorecer a súa **integración laboral**.
- Galicia Suma Talento: Emprégate** destina **19,7 millóns de euros á contratación** por parte da empresa ordinaria e das entidades sen ánimo de lucro de **persoas con maiores dificultades de inserción laboral**, entre as que se atopan as persoas con discapacidade.

Nota técnica: os datos desta infografía proceden da serie de Indicadores da "Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade" do Instituto de Estatística de Galicia que considera persoas con discapacidade as persoas cun grao de discapacidade superior ou igual ao 33%, pensionistas da Seguridade Social que teñen recoñecida unha pensión de incapacidade permanente total, absoluta o grao de invalidez, e pensionistas de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.